

# *Cyprinus carpio* (Linnaeus, 1758)




## Lugar de procedencia

Nativa de Eurasia, estendese dende o oeste de Europa ata China e sureste de Asia.

## Hábitat en área de introdución

Prefire augas de curso lento ou estancadas, con fondos limosos e con unha temperatura temperada ou cálida, entre 14-35 °C.

Normativa Nacional: Catálogo Español de Especies Exóticas Invasoras



Reino: Animalia

Filo: Chordata

Clase: Actinopterygii

Orden: Cypriniformes

Familia: Cyprinidae

Género: *Cyprinus*

## Bioloxía

Resistente á escaseza de oxígeno e á contaminación das augas. Alimentación omnívora con predilección polos invertebrados bentónicos. Os adultos levantan as raíces e destrúen a vexetación somerxida, levantan o sedimento e contribúen o enturbamento da auga, con efectos nocivos para outras especies. Estimase que alcanza a madurez sexual ós tres anos, sendo algo antes no macho. O desove ten lugar a finais da primavera ou principios do verán, en zonas inundadas con escasa profundidade e vexetación abundante. Calculase que o número de ovos por kg de peso oscila entre 100.000 y 200.000. Entre 15-20 °C os ovos tardan en eclosionar catro días.

## Campus de Vigo

Lagoas de Servizos de deporte.

## Introdución

Estimase que foi introducida na maior parte de Europa, dende unha poboación procedente do Danubio, en tempo dos romanos, e en España, durante la dinastía dos Hausburgo, con motivos ornamentais.